

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

##### *BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "MUSIGAL" 2022 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 17 de decembro de 2021, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

##### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "MUSIGAL" 2022 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión, á promoción e ao fomento da cultura galega, así como ao uso e á normalización social da lingua galega nos concellos da provincia de Pontevedra, pon en marcha una nova edición do programa "Musigal".

Este programa ten como obxectivo favorecer a programación artística por parte dos concellos da provincia de Pontevedra a través da posta a disposición de actuacións musicais profesionais de grupos inscritos no Catálogo de grupos Musigal, co obxectivo de promover a distribución dos produtos culturais do noso país, para fomentar a creación de públicos e facilitar o acceso á cultura galega.

Deste xeito, con estas bases créase o Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, que se configura como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega. Nel recollerase información detallada sobre cada un dos grupos ou artistas, así como o seu caché e o custo da produción técnica.

Con este programa a Deputación de Pontevedra quere promover a difusión e o fomento da cultura galega a través de vivencias culturais na nosa lingua, e contribuír á posta en valor da lingua galega e ao incremento do seu uso e prestixio, á socialización en galego da cidadanía e á toma de conciencia sociolingüística da poboación da provincia de Pontevedra.

Desde o punto de vista competencial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

Nesta liña, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Deste xeito, segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias e con cargo ao crédito existente nas aplicacións orzamentarias correspondentes ao Servizo de Cultura, aproba as seguintes:

## **BASES REGULADORAS**

### **Primeira. Obxecto**

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras do Programa “Musigal” 2022 da Deputación de Pontevedra mediante as que se crea un Catálogo de grupos musicais profesionais que fagan música galega e en galego nos seus concertos ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega, e regular o procedemento para que os concellos da provincia poidan solicitar a actuación destes.

## **CATÁLOGO DE GRUPOS MUSIGAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

### **Segunda. Creación do catálogo**

Créase o Catálogo de grupos musicais profesionais “Musigal”, no que se poderán inscribir unicamente os grupos e artistas profesionais de música que aborden a dinamización da lingua galega nas súas composicións e interpretacións.

O catálogo terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o programa “Musigal”. Non obstante, este catálogo poderá sufrir modificacións tanto pola inscrición de novos grupos coma polas baixas dos existentes. As modificacións e as baixas de grupos do catálogo tramitaranse a petición da persoa interesada no prazo anual previsto na base oitava. Poderanse efectuar baixas de oficio ao comprobar que o grupo non existe ou incumpre os requisitos necesarios para a súa inclusión.

O catálogo estará adscrito ao Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra, que asumirá as funcións asociadas á súa xestión e, en particular, as seguintes:

- a) Informar, asesorar e orientar sobre o seu alcance
- b) Xestionar o proceso de inscrición e a consulta das entidades rexistradas
- c) Preparar e emitir informes de seguimento relativos ao catálogo e realizar propostas de mellora



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

d) Elaborar periodicamente estatísticas dos datos reflectidos no catálogo, que se farán públicas a través de <https://www.depo.gal>

Non poderán formar parte deste catálogo os grupos ou artistas inscritos no Catálogo de grupos Pontegal da Deputación de Pontevedra.

### **Terceira. Entidades destinatarias**

Poderán solicitar a inclusión no Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra os grupos e artistas profesionais de música que realicen música galega e en galego nas súas actuacións ou concertos ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.

Os grupos ou artistas deberán estar dados de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas (IAE) e estar ao corrente nos pagos coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

### **Cuarta. Contido do catálogo**

O catálogo incluírá a seguinte información:

- a) Nome artístico
- b) Persoas integrantes do equipo artístico e técnico
- c) Datos identificativos da persoa representante
- d) Fotografía do grupo ou das e dos artistas
- e) Currículo no que se inclúa unha breve descrición da proposta artística
- f) Caché e custo da produción técnica
- g) Necesidades técnicas e de produción

### **Quinta. Acceso aos datos do catálogo**

Os datos contidos no catálogo serán públicos e estarán publicados en <https://www.depo.gal>.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas solicitantes.



## **Sexta. Dereitos e deberes das entidades ou persoas inscritas**

Os grupos e artistas incluídos no catálogo teñen dereito a ser retribuídos polas actuacións autorizadas con cargo ao programa “Musigal”, a través do cal os concellos interesados, como organizadores dos actos, poderán solicitar os grupos do catálogo.

Así mesmo, teñen o deber de empregar unha linguaxe non sexista nas súas actuacións.

## **Sétima. Lugar de presentación das solicitudes de inclusión, baixa e modificación de datos no Catálogo de grupos musicais profesionais Musigal da provincia de Pontevedra**

As solicitudes de inclusión, baixa e modificación de datos presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

As solicitudes realizaranse directamente polas persoas interesadas ou por medio de representante autorizado para a contratación exclusiva do grupo no ámbito da provincia de Pontevedra.

## **Oitava. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes de inclusión, baixa ou modificación de datos estará aberto do 1 ao 15 de xaneiro de cada ano natural.

## **Novena. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Certificado de alta no imposto de actividades económicas (IAE)
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

**Décima. Documentación**

Os grupos ou artistas interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

*a. Memoria do espectáculo que inclúa:*

1. Descrición do espectáculo, acreditando o emprego do galego como mínimo no 70 % das obras musicais que se interpretarán

2. Repertorio musical indicando o autor ou a orixe das obras e duración do espectáculo

3. Ficha do grupo que conteña:

- unha fotografía do grupo ou artistas
- as e os integrantes do equipo artístico e técnico
- as necesidades técnicas e de produción

*b. Certificado de exclusividade da ou do representante da entidade para a contratación do grupo no ámbito da provincia de Pontevedra*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

**SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS CON CARGO AO PROGRAMA "MUSIGAL" 2022****Décimo primeira. Entidades solicitantes das actuacións**

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

A cada concello concederáselle unha única actuación para o ano 2022.

Non obstante, na solicitude os concellos poderán indicar ou sinalar ata un máximo de tres grupos por orde de preferencia, e farán constar o nome do grupo ou artista, a data e o lugar fixados para levar a cabo a actuación. No caso de que, por algunha causa imprevista, se produza un cambio de lugar ou de data dalgunha das actuacións, o concello trasladaralle este cambio ao Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra acompañado da conformidade do grupo.

#### **Décimo segunda. Dotación e imputación orzamentaria**

O programa “Musigal” 2022 desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 22/330.3340.226.30 por un importe total de 500.000 €.

#### **Décimo terceira. Alcance do programa e financiamento**

As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o caché do espectáculo do grupo ou artista
- O concello aboará a produción da actuación (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento)
- Os concertos con cargo ao programa “Musigal” 2022 serán totalmente gratuítos

#### **Décimo cuarta. Adxudicación das actuacións**

A adxudicación das actuacións do programa “Musigal” realizarase segundo os seguintes criterios:

- 1.—A cada concello interesado concederáselle unha única actuación
- 2.—O número máximo de actuacións que poderá realizar cada grupo será de catro
- 3.—Para a concesión das actuacións daráselle prioridade á orde de rexistro de entrada da solicitude e estará condicionada á existencia de consignación orzamentaria ata esgotar o crédito inicial destinado a este programa

A adxudicación das actuacións aprobaraa o órgano competente, logo do informe previo do Servizo de Cultura.

#### **Décimo quinta. Lugar de presentación da solicitude de actuacións**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.



Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

### **Décimo sexta. Prazo de presentación de solicitudes de actuacións**

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións por parte dos concellos interesados empezará o 20 de xaneiro de 2022 e rematará o 15 de febreiro de 2022.

### **Décimo sétima. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social para a percepción de axudas públicas

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### **Décimo oitava. Documentación**

Os concellos beneficiarios das actuacións deberán enviar ao correo electrónico cultura@depo.gal, antes da realización da actuación, un arquivo PDF co cartel publicitario en galego do evento no que se indique a súa pertenza ao programa “Musigal” 2022 da Deputación de Pontevedra, seguindo o modelo normalizado que figura na páxina web da institución provincial.

### **Décimo novena. Obrigas dos concellos**

- Organizar a actuación, velar polo seu correcto desenvolvemento e proporcionar o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material
- Contratar a produción necesaria para levar a cabo a actuación, que deberá axustarse ao rider técnico esixido polo grupo e publicado no Catálogo de grupos, así como cumprir coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Instalar a publicidade estática, facilitada pola Deputación de Pontevedra, nun lugar preferente do escenario onde se desenvolva a actuación
- Realizar a publicidade das actuacións: difundir adecuadamente a realización da actuación contratada, indicando expresamente nos distintos soportes publicitarios





(carteis, cuñas radiofónicas, páxinas web, redes sociais...) a pertenza ao programa “Musigal” 2022 da Deputación de Pontevedra

- Os carteis que se realicen para darlle publicidade ao evento adaptaranse aos modelos establecidos desde esta institución provincial
- Difundir a imaxe estática do programa en todos os actos vinculados coa actuación: roldas de prensa, presentación, clausura etc.
- Aboar os gastos correspondentes da SGAE
- Obter os permisos necesarios para a realización da actuación
- Comprobar, antes do comezo da actuación, que as e os artistas membros dos grupos están dados de alta na Seguridade Social. Para efectuar esta comprobación o concello deberá esixir a presentación dos documentos de alta na Seguridade Social
- Cubrir mediante unha póliza de seguro os riscos de accidentes e de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización da actuación
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social para a percepción de axudas públicas
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes
- Facilitarlle ao grupo participante a acreditación de realización da actuación con cargo ao programa “Musigal” 2022
- Cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente no momento de desenvolvemento da actuación
- Salvo casos de forza maior, no caso de que o concello renunciase á actuación autorizada será penalizado e non poderá participar neste programa na seguinte edición. Ademais, deberá aboar a contía económica derivada da responsabilidade patrimonial que lle corresponda

### **Vixésima. Obrigas das e dos artistas**

Os grupos teñen as seguintes obrigas:

- Entregarlles ás persoas responsables da programación dos concellos, antes do comezo das actuacións, copias dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo. Ademais, a Deputación de Pontevedra poderá facerlles controis periódicos e aleatorios aos grupos ou artistas antes do comezo da actuación nos que se lles solicitará esa documentación
- Realizar as actuacións nos lugares previstos
- Aboar os gastos de transporte e dos seguros do equipo de actuación e do material, os gastos de persoal, de impostos e de seguridade social
- Expedir facturas legais polas actuacións realizadas
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...)





Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

- No caso que o grupo non levase a cabo a actuación por causas alleas á entidade organizadora, e sen causa debidamente xustificada, non se lle aboará a actuación e non poderá formar parte do programa “Musigal” na seguinte edición

A Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento o cumprimento destas obrigas, así como realizar calquera outra acción de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

### **Vixésimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Vixésimo segunda. Notificacións**

As notificacións de actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

**Vixésimo terceira. Publicación de actos administrativos**

A resolución da adxudicación das actuacións publicarase na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e no portal web corporativo, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

**Vixésimo cuarta. Xustificación e pagamento**

A Deputación de Pontevedra aboalle ao grupo ou artista o importe correspondente ao custo do espectáculo da actuación mediante transferencia bancaria unha vez presentada a factura, que deberá reunir os requisitos legais establecidos, xunto coa acreditación por parte do concello da realización desta.

As facturas presentaranse en formato electrónico a través do Punto xeral de facturas electrónicas, accesible a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, para que o órgano administrativo ao que lle corresponda proceda á súa tramitación.

Os códigos DIR 3 que se especificarán nas correspondentes facturas electrónicas son os seguintes:

Órgano xestor: LA0006114; Unidade tramitadora: LA0006135; Oficina contable: LA0006135.

Se xunto coa factura a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegándoos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

**Vixésimo quinta. Vixencia**

O programa “Musigal” terá vixencia desde o 1 de abril ata o 31 de decembro de 2022.

**Vixésimo sexta. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido no apartado 16.2 das bases de execución do Orzamento para o ano 2022, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

**Vixésimo sétima. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: WW5O4X68JMYJPKKE



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

### **Vixésimo oitava. Normativa supletoria**

Para o non establecido nestas bases teranse en conta as de execución do Orzamento provincial.

